



Regulamento de réxime interno do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña

Aprobado polo Consello de Goberno do 27/09/2012 e modificado polo Consello de Goberno do 25/02/2021

Desde que no ano 2006 se creou a Oficina para a Igualdade de Xénero, a Universidade da Coruña vén facendo esforzos para superar os atrancos de toda caste que impiden ou dificultan a consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

A creación do Centro de Estudos de Xénero e Feministas (Cexef) en 2012 supuxo un paso máis neste compromiso, para dar lugar a un espazo universitario de reflexión, debate e investigación para os estudos de xénero, na liña demandada polas recomendacións da Comisión Europea nesta materia, e dentro das tendencias existentes en moitas universidades españolas. As súas finalidades son coordinar, fomentar e difundir os estudos de xénero de forma interdisciplinaria e con carácter aberto a toda a comunidade universitaria. O presente regulamento ten por obxecto regular a creación, estrutura e réxime interno de funcionamento do Cexef.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Definición

O Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña (a partir de agora, Cexef) é unha unidade de coordinación e fomento de investigacións multidisciplinares desde a perspectiva de xénero e feminista, con carácter aberto a toda a comunidade universitaria, e sen personalidade xurídica propia.

Artigo 2. Normativa reguladora

O Cexef rexerese polo presente regulamento de réxime interno, por toda a normativa propia da Universidade da Coruña, pola normativa básica de procedemento administrativo común, así como por cantas disposicións puideren ser ditas en desenvolvemento das citadas normas.

Artigo 3. Sede

O Cexef terá a súa sede no Centro Universitario de Riazor. Esta sede poderá ser modificada por orde da Xerencia cando así o aconselle por razóns de eficiencia na distribución dos espazos dispoñibles na UDC.

Artigo 4. Fins e actividades

O Cexef estará dedicado á investigación científica e técnica no ámbito do seu obxecto. Igualmente, poderá organizar e desenvolver cursos e posgraos en calidade de títulos propios, así como proporcionar asesoramento técnico no ámbito das súas competencias.

Con este fin, poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Fomentar as investigacións desde as diferentes disciplinas ao redor dos estudos sobre as mulleres, as relacións de xénero -relacións entre homes e mulleres como xenéricos-, así como a construción social dos modelos masculino e feminino, e o papel das mulleres na sociedade.



- b) Establecer relacións científicas cos centros nacionais e estranxeiros dedicados a tarefas afíns.
- c) Organizar seminarios, cursos e encontros interdisciplinarios sobre as materias propias da súa competencia.
- d) Organizar e impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos propios.
- e) Levar a cabo publicacións que recollan o labor investigador dos seus membros e faciliten as relacións científicas con outros centros nacionais e estranxeiros.
- f) Propoñer a entidades públicas e privadas ou a persoas físicas contratos para a realización de traballos de carácter científico e técnico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- g) Difundir os traballos de investigación mediante publicacións, cursos monográficos, ciclos de conferencias e outras actividades similares.

TÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 5. Órganos de goberno

Para o goberno, representación e administración do Cexef establécense como órganos colexiados o Consello do Centro e a Comisión Permanente do Consello, e como órganos unipersoais a dirección e a secretaría do Cexef.

Artigo 6. Do Consello do Cexef

1. O Consello do Cexef constitúese como o órgano colexiado de goberno.
2. O Consello estará integrado por todas aquelas persoas que, vinculadas á Universidade da Coruña pola súa actividade docente ou investigadora, compartan os fins do Centro, soliciten a súa admisión neste e sexan aceptadas nos termos previstos no presente artigo.
3. Así mesmo, poderán formar parte do Consello do Cexef investigadores/as noveis, estudantes de posgrao ou de doutoramento da Universidade cuxa especialización se sitúe na liña dos fins do Centro, soliciten a súa admisión neste e sexan aceptadas nos termos previstos no presente artigo. Esta adscrición terá carácter temporal, mentres dure a súa vinculación coa Universidade da Coruña.
4. As persoas integrantes serán elixidas polo propio Consello entre aquelas candidaturas que teñan un perfil académico e profesional axeitado aos fins do Centro. As persoas candidatas deberán remitir á Dirección o seu currículo xunto cunha carta de motivación, co fin de que sexan valorados e aprobados na xuntanza do Consello do Centro.
5. Adicionalmente, as candidaturas de investigadores/as noveis deberán acompañarse dunha carta de recomendación da persoa que estea a titorizar a súa investigación de mestrado ou doutoramento e/ou integrante do Centro na data da solicitude co fin de que sexan valorados e aprobados na reunión do Consello do Centro. O Consello do Centro ou, de ser o caso, a Comisión Permanente, reservaranse o dereito de lles solicitar ás candidaturas o aval ou avais de integrante/s do Centro na data da súa solicitude.
6. De xeito excepcional, poderán tamén formar parte do Centro aquelas persoas que, sen cumpriren os requisitos de vinculación anteriores, soliciten ser integrantes. A aceptación destas candidaturas, nos termos recollidos no presente artigo, será sometida á aprobación do Consello.
7. No caso daquelas persoas que formen parte do Centro e cesaran a súa vinculación coa Universidade da Coruña, poderán manter a súa condición de integrantes sempre que así llo solicitaren á dirección. En calquera caso, a dita condición será ratificada polo Consello do Centro.



8. Son membros natos do Consello do Cexef as persoas que desempeñen a dirección e secretaría do Centro, o equipo directivo da Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC e a persoa titular da vicerreitoría baixo cuxas competencias estea o Cexef.

Artigo 7. Funcións do Consello

Son funcións do Consello do Cexef:

- a) Proponer o nomeamento e o cesamento da dirección e secretaría do Centro.
- b) Aprobado a memoria anual do Centro, que lle será remitida pola dirección quen, á súa vez, lla enviará ao reitor antes do mes de decembro seguinte á expiración do curso académico obxecto da memoria.
- c) Aprobado os programas teóricos e prácticos das ensinanzas especializadas que imparta.
- d) Programar os estudos e a obtención de títulos propios, e proporlle a súa aprobación ao órgano competente da Universidade.
- e) Aprobado os plans ou programas de investigación do Centro e coñecer os plans de investigación dos integrantes deste.
- f) Establecer plans específicos de formación continuada en técnicas de investigación dos seus integrantes, así como plans de formación en técnicas de investigación específicas dentro do seu ámbito de competencia para o profesorado, o persoal de administración e servizos, axudante e bolseiro/a da Universidade.
- g) Establecer as comisións que estimar convenientes para o seu mellor funcionamento.
- h) Emitir informes sobre o nomeamento de persoas colaboradoras honoríficas, así como sobre o recoñecemento de honras a persoas que destaquen pola súa cualificada actividade investigadora no ámbito de actuación do Centro.

Artigo 8. Convocatoria

1. O Consello do Centro reunirse polo menos unha vez ao trimestre en período lectivo.
2. O Consello será convocado pola dirección, de oficio ou por pedimento do 20 % dos seus membros.
3. A convocatoria e a orde do día deberán ser comunicadas a todos os membros do Consello cun mínimo de 48 horas de antelación á realización da reunión.
4. En primeira convocatoria, o quórum válido para a constitución do Consello será da metade, polo menos, das persoas integrantes, e deberá estar presente a súa dirección. De non existir quórum, o Consello constituirase en segunda convocatoria, media hora despois da sinalada para a primeira, sempre que estiveren presentes un terzo de integrantes, a dirección e a secretaría ou, se for o caso, a persoa que as substitúa. Se tampouco existise quórum na segunda convocatoria, suspenderase a reunión.

Artigo 9. Das reunións e acordos do Consello

1. A condición de integrante do Consello é persoal e intransferible, de modo que non se admiten a delegación de voto nin o voto por correo. No caso de non poder cumprir coa obriga de asistencia, deberase pór en coñecemento da dirección con anterioridade á realización da correspondente sesión.
2. Os acordos do Consello serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple das persoas asistentes.
3. Esixirase maioría absoluta na primeira volta para a aprobación das propostas das ensinanzas especializadas e dos títulos propios que se impartan, así como as súas modificacións. De non se obtiver a citada maioría na primeira volta procederíase a unha



segunda votación nunha sesión posterior. Esta segunda votación realizarase no prazo máximo de quince días naturais e deberá ser aprobada por maioría simple.

Tamén será necesaria a obtención da maioría absoluta para propor modificacións do presente regulamento de réxime interno.

Artigo 10. Comisión Permanente do Consello do Cexef

1. Prevese a creación dunha Comisión Permanente, con competencias limitadas á resolución de asuntos urxentes de trámite, a que o Consello lle poderá delegar puntualmente algunha das súas competencias propias. Os acordos que adopte a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas polo Consello seranlle comunicados a este na primeira sesión ordinaria que se realice.

2. A Comisión Permanente estará composta pola dirección e secretaría do Centro, e por integrantes das diferentes ramas do coñecemento ou, de ser o caso, daquelas áreas de coñecemento con maior presenza no Cexef, sen prexuízo da representación daquelas ramas minoritarias.

3. No seu funcionamento rexeráse polas mesmas normas recollidas nos artigos 6 ao 9 do presente regulamento.

Artigo 11. A dirección do Cexef

1. A dirección do Cexef exerce a representación do Centro e mais a súa dirección e xestión ordinaria.

2. A dirección será nomeada polo/a reitor/a entre as persoas doutoras integrantes do Centro que traballen a tempo completo na UDC, por proposta da vicerreitoría con competencias en igualdade de xénero, ouvido o Consello do Centro.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da dirección, esta será exercida interinamente, e por esta orde, polo membro de máis categoría, antigüidade no Centro e idade de entre as persoas que o compoñen.

Artigo 12. A secretaría do Cexef

1. A secretaría do Cexef será nomeada polo/a reitor/a por proposta da dirección, ouvido o Consello do Centro, entre as persoas integrantes do Centro con vinculación coa Universidade da Coruña.

2. A secretaría do centro redactará as actas das sesións, custodiará a documentación, expedirá certificacións así como calquera outra función en delegación da dirección.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da secretaría, será exercida interinamente polo/a integrante do Consello que decida a dirección.

TÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 13. Orzamento

O orzamento do Cexef estará integrado no da Oficina para a Igualdade de Xénero e a súa xestión económica e patrimonial rexeráse polas normas xerais ou específicas que estableza a Universidade.

Artigo 14. Memoria anual de actividades

A partir do primeiro ano de funcionamento, e durante o mes de outubro, o Centro enviaralle á vicerreitoría correspondente, para a súa remisión ao reitor, a memoria anual das súas actividades. Esta memoria, que será elaborada pola dirección do Centro e aprobada polo Consello, deberá comprender, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) O persoal que colabore co Centro.
- b) A súa actividade investigadora: proxectos -coa especificación da súa contía económica e a entidade financiadora-, publicacións e teses de doutoramento.
- c) A súa actividade docente (ensinanzas especializadas e títulos propios se procede).
- d) Outras actividades, tales como a asistencia a congresos, o asesoramento técnico etc.

TÍTULO IV. REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 15. Iniciativa

1. A iniciativa de reforma do presente regulamento de réxime interno deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello, e nela figurará a proposta motivada de modificación dos puntos concretos en cuestión.
2. Unha vez aprobada polo Consello, a dirección remitiralle a proposta de reforma á vicerreitoría competente en materia de igualdade de xénero para a súa tramitación ulterior ante o Consello de Goberno da UDC.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.